

### ACTA UNIDADE TÉCNICA

#### **CONTRATACIÓN DO ALUGAMENTO DUNHA FONTE EXPENEDORA DE AUGA POTABLE E OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS PARA O PERSOAL DO RECINTO DO CEMITERIO DE SAN FROILAN. Exp. Ref.: 2024/C004/000014. Apertura de ofertas. -----**

Sendo as 9:00 horas do día 13 de agosto de 2024 no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (situado na Rolda da Muralla 197), reúnese a Unidade Técnica constituída por:

- Dona Eva Díaz López, técnica do servizo de Contratación e Patrimonio
- Dona Gema Vázquez Rey, técnica do servizo de Intervención.

Ábrese a sesión Sra. Presidenta e procédese a dar conta da listaxe de licitadores que presentaron oferta de forma telemática a través da plataforma de licitación electrónica LECOL do Concello de Lugo:

- SEREGA DE LUGO, S.L
- CULLIGAN WATER SPAIN, S.L.

Procédeuse, a continuación, á apertura do arquivo ÚNICO, comprensivo das declaracións responsables - que resultan correctas sendo admitidas á licitación as dúas empresas presentadas - e da oferta económica, co seguinte resultado:

- **SEREGA DE LUGO, S.L.**, comprométese á execución do contrato conforme á seguinte **oferta**:

**Importe anual** 408 euros sen IVE, máis 21 % de IVE 85,63 euros - resultando un total de **493,68** euros correspondente ao alugamento anual da fonte, mantemento e a subministración mensual de 2 botellóns de auga e dúas tiras de vasos.

- **CULLIGAN WATER SPAIN, S.L.**, comprométese á execución do contrato conforme á seguinte **oferta**:

**Importe anual** 408 euros sen IVE, máis 21 % de IVE 85,63 euros - resultando un total de **493,68 euros** correspondente ao alugamento anual da fonte, mantemento e a subministración mensual de 2 botellóns de auga e dúas tiras de vasos.

Faise constar que a CULLIGAN WATER SPAIN, S.L. achega a documentación que de seguir se indica:

## CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ATM/edl

Ref: Acta da Unidade Técnica 13.08.2024

Asunto: Acta da Unidade Técnica de apertura de ofertas Contratación do alugamento e mantemento de fonte expendedora de auga potable.

-Acordo de inscrición, do 10 de outubro de 2018, da mercantil "Acquajet Semaes Sociedad Limitada" no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del sector público mercantil.

-Escritura de cambio de denominación social y consiguiente modificación estatutaria, outorgada o 29 de setembro de 2023, ante a notaria do Ilustre Colegio de Catalunya, dona María del Camino Quiroga Martínez, conforme a que a mercantil "Acquajet Semaes Sociedad Limitada" pasa a denominarse "Culligan Water Spain, SL".

-Solicitud de cambio de denominación no ROLECE - se ben cómpre precisar que non consta acreditación da súa presentación efectiva no citado Rexistro.

Visto que as dúas empresas presentan a mesma oferta económica, e en cumprimento do disposto na Cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares que establece que:

### **"Preferencia na adxudicación en caso de empate:**

*En aplicación do establecido no artigo 147.2 da LCSP establécese a preferencia na adxudicación deste contrato para as proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que no momento do vencemento do prazo de presentación de ofertas cumpran os criterios sociais sinalados no dito artigo e pola orde establecida."*

Neste senso, o artigo 147.2 establece literalmente que:

*"2. En defecto de la previsión en los pliegos a la que se refiere el apartado anterior, el empate entre varias ofertas tras la aplicación de los criterios de adjudicación del contrato se resolverá mediante la aplicación por orden de los siguientes criterios sociales, referidos al momento de finalizar el plazo de presentación de ofertas:*

*a) Mayor porcentaje de trabajadores con discapacidad o en situación de exclusión social en la plantilla de cada una de las empresas, primando en caso de igualdad, el mayor número de trabajadores fijos con discapacidad en plantilla, o el mayor número de personas trabajadoras en inclusión en la plantilla.*

*b) Menor porcentaje de contratos temporales en la plantilla de cada una de las empresas.*

*c) Mayor porcentaje de mujeres empleadas en la plantilla de cada una de las empresas.*

*d) El sorteo, en caso de que la aplicación de los anteriores criterios no hubiera dado lugar a desempate."*

Polo anteriormente exposto, os membros da Unidade Técnica acordan concederlles aos licitadores un prazo de 3 días hábiles, ao obxecto de que poidan presentar acreditación, á data de finalización do prazo de presentación de ofertas (7 de agosto de 2024), da porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación

de exclusión social do seu cadro de persoal, con indicación do tipo de contrato de traballo.

O que se lle notifica aos licitadores, con indicación de que contra o acordo da Unidade Técnica de admisión dos licitadores poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 9:15 horas.

Asinado dixitalmente á marxe, facendo constar que esta acta se asina con posterioridade ao seu levantamento pola imposibilidade material dos seus membros de facelo na mesmo acto.

A técnica do servizo de Intervención, dona Gema Vázquez Rey.

A técnica do servizo de Contratación, Eva Díaz López.